

# XLI COPA DEPUTACIÓN OURENSE ATLETISMO FINAL ABSOLUTO – MÁSTER 07/06/2024

## REGULAMENTO

**Actualizado 24/05/2024**

**Actualizado 01/06/2024**

### 1. ORGANIZACIÓN

---

A Delegación en Ourense da Federación Galega de Atletismo co patrocinio da Deputación de Ourense organiza a **XLI Copa Deputación Ourense – Final Absoluto – Máster**, que se celebrará o **venres, 7 de xuño de 2024 na Pista de Atletismo “Josefina Salgado”** do Complexo Deportivo de Monterrei – O Pereiro de Aguiar.

### 2. PARTICIPACIÓN E CRITERIO DE ADMISIÓN

---

Poderán participar atletas con licenza da FGA na presente tempada.

Terán preferencia atletas da provincia de Ourense.

Poderanse admitir atletas doutras provincias, tendo en conta as mellores marcas da tempada 2024.

Cada atleta poderá participar nun máximo de 2 probas.

**Rexeitarase a inscrición dos atletas inscritos en máis de 2 probas, non serán admitidos en ningunha delas e non se admitirá a súa participación.**

### 3. INSCRICIÓN

---

#### 3.1 PRAZO DE INSCRICIÓN

As inscricións realizaranse a través da extranet da RFEA <https://sdp.rfea.es/> ata as 23:59 h. do luns, 3 de xuño de 2024.

#### 3.2 COMUNICACIÓN DE BAIXAS

As baixas serán comunicadas ao correo-e [eventos@atletismo.gal](mailto:eventos@atletismo.gal) ata as 14:00 h. do mércores, 5 de xuño de 2024.

No caso de incomparecencia non xustificada aplicaranse o réxime das normas técnicas da Federación Galega de Atletismo.



## 4. NORMAS TÉCNICAS

---

### 4.1 CADENCIA ALTURA DO LISTÓN\*

\*Definirase unha vez publicada a listaxe definitiva de atletas admitidos

### 4.2 NÚMERO DE INTENTOS LANZAMENTOS

Martelo: 4 intentos

## 5. RETIRADA DE DORSAIS

---

Os dorsais deberán ser recollidos polo Delegado do Club (ou persoa autorizada) en Secretaría con antelación suficiente á celebración da proba.

## 6. CÁMARA DE CHAMADAS

---

Os/as participantes deberán acceder á Cámara de Chamadas provistos da licenza federativa ou documento de identificación oficial con foto.

Peche da Cámara de Chamadas 5 minutos antes da saída a pista.

Publicarase horario de Cámara de Chamadas co horario definitivo segundo a inscrición.

Os/as atletas deberán saír a pista coa camiseta e dorsal posto.

## 7. PREMIOS

---

### 7.1 PREMIOS CATEGORÍA ABSOLUTA

Recibirán unha medalla os/as tres primeiros atletas clasificados/as de cada proba en categoría Absoluta

### 7.2 PREMIOS CATEGORÍA MÁSTER

Recibirán unha medalla os/as tres primeiros atletas clasificados/as de cada proba en categoría Máster A - B - C - D

- Máster A (de 35 a 44 anos)
- Máster B (de 45 a 54 anos)
- Máster C (de 55 a 64 anos)
- Máster D (+ de 65 anos)





**Federación  
Galega de  
Atletismo**



Praza Agustín Díaz, s/n - 15008 - A Coruña.  
T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal  
atletismo.gal - carreirsgalegas.com C.I.F. G15103500



**DEPORTE  
GALEGO**

É de obrigado cumprimento acudir ao podio, no caso contrario non se fará a entrega da medalla.

## 8. PROGRAMA DE COMPETICIÓN – HORARIO PROVISIONAL

HORA	PROBA	CATEGORÍA	SEXO	ATLETAS
19:00	Pértega	ABS	M/F	8
19:00	Altura	ABS	M/F	12
<b>19:00</b>	110 m. v.	ABS	Masculino	8
<b>19:10</b>	<b>100 m. v.*</b>	<b>Sub16</b>	<b>Masculino</b>	<b>8</b>
<b>19:20</b>	100 m. v.	ABS	Feminino	8
<b>19:30</b>	<b>100 m. v.*</b>	<b>Sub16</b>	<b>Feminino</b>	<b>8</b>
<b>19:40</b>	<b>80 m. v.</b>	<b>Máster</b>	<b>Feminino</b>	<b>8</b>
19:50	400 m.	ABS – Máster	Masculino	16
20:00	400 m.	ABS – Máster	Feminino	16
20:10	100 m.	ABS – Máster	Masculino	24
20:25	100 m.	ABS – Máster	Feminino	24
20:30	Martelo	ABS – Máster	M/F	12
<b>20:30</b>	<b>800 m.*</b>	<b>ABS</b>	<b>Feminino</b>	<b>8</b>
20:40	1.500 m.	ABS – Máster	Masculino	16
20:50	1.500 m.	ABS – Máster	Feminino	16
21:00	200 m.	ABS – Máster	Masculino	24
21:15	200 m.	ABS – Máster	Feminino	24

### \*Control de marcas

O horario poderá ser modificado en función da inscrición.

## 9. NORMATIVA

Para todo o non disposto neste regulamento aplicarase a normativa FGA, RFEA ou WA.



**DEPUTACIÓN  
OURENSE**

Actividade subvencionada pola Deputación Provincial de Ourense